



R/Bedoya nº 9
C.P. 32004 – Ourense
Tfn. 988236613/988 228 152 | Fax: 988 228 465
www.maristasourense.com | clubmaristasourense@hotmail.com

Estimadas familias:

Este vai ser o primeiro curso dos vosos fillos no colexio, por este motivo o equipo de educación infantil pretende que este momento tan importante na súa vida e tamén na vosa, sexa o máis grato posible. Co fin de acadar canto antes unha adaptación positiva do neno ó centro escolar, estruturamos un **período de adaptación que lle facilite a súa incorporación** progresiva ao horario escolar:

- **Mércores, 12 de setembro:**

Este día os pais poderán permanecer na aula cos seus fillos.

De 11:45 a 12:05 os nove primeiros alumnos da lista.

De 12:10 a 12.30 dende o décimo ata o último da lista.

- **Xoves, 13 de setembro: de 11:00 a 12:00.**

Este día e os seguintes, os pais deixarán ós seus fillos na porta da aula e non poderán permanecer con eles.

- **Venres, 14 de setembro: de 11:00 a 12:30.**

- **Luns, 17 de setembro: de 10:30 a 12:30.**

- **Martes, 18 de setembro: de 10:00 a 12:30.**

- **Dende o 19 ao 25 de setembro: de 10:00 a 13:00.**

- **Durante o resto do mes de setembro o horario será de 09:10 a 13:45**

Non obstante, se algunha familia non puidese conciliar a vida cotiá co horario do período de adaptación, o profesorado de tres anos permanecerá na aula en horario completo (9.10 ás 13.45). Neste caso, pregámoslle que o comunique ó titor ou titora correspondente.

Á hora da saída, os pais dos alumnos ou persoa encargada de recollelos, entrarán ó corredor para recolle-los nenos na porta da aula. Recordámoslles que deberán presentar o carné do alumno.

É moi importante nestes primeiros días:

- Establecer un ritual de separación: dous bicos e unha aperta.
- Transmitir confianza e seguridade ao neno antes de deixalo na escola.
- Explicarlles que regresaremos a recollelos.
- Ser puntuais; daralles seguridade.
- Non enfadarse co neno porque quede chorando.
- Evitar falarlles de forma negativa do colexio.

Nesta primeira semana deberán traer:

- ✓ 4 fotos tamaño carné.
- ✓ Cuestionario cumprimentado.
- ✓ O material do alumno co nome do neno na portada de tódolos libros.
- ✓ Unha muda completa marcada co nome do alumno.

Moitas grazas pola súa colaboración e feliz inicio de curso para todos.

Os titores de Educación Infantil.